actividades para a clase actividades para a clase activida

para a clase actividades para a clase **actividades**

**para a clase** actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase actividades para



PlanLector

rodeira

Data ..................

Nome ..................

## A MODO DE INTRODUCIÓN...

**1.** Relaciona cada parte da obra co seu título e coa súa profecía ou maldición.

| | | |
|---|---|---|
| Primeira parte | Os erros | Profecía de Odi |
| Segunda parte | Os sentimentos | Profecía de Trébora |
| Terceira parte | A guerra | A maldición de Odi |

**2.** Completa os seguintes textos:

### PROFECÍA DE TRÉBORA

Ouro nobre de sabias palabras labrado,
destinado ______________________,
triste exiliado do mundo pola nai O.
Ela así o quixo.
Ela así o decidiu.
Permanecerás, ______________________,
ata que os ceos refulxan e os astros inicien o seu camiño.
Entón, e só entón, a terra ______________________,
acudirás obediente á ______________________
e unxirala de vermello.
______________________, inseparables,
no cetro de poder da nai O.
Lume e ______________ para a elixida, que posuirá ______________,
sangue e ______________ para a elixida, que será ______________.

Nome ..................................... Data .....................................

## PROFECÍA DE ODI

Ela destacará entre todas,
será raíña e sucumbirá á ______________.
Disputarán o seu favor e ofreceranlle o seu ______________,
cetro de ______________,
cetro de tebras para as ______________.
Os ditados do corazón da elixida ______________.
A unha ______________ sobre as outras.
______________.

## A MALDICIÓN DE ODI

Eu maldigo a ______________ a sucumbir
ante o poder do cetro pronunciando as palabras ______________ que
encadearán fatalmente os ______________ erros:
Ofrecerá ______________ coa súa propia man.
Beberá ______________ en tempos anteriores.
Formulará ______________ no corpo da virxe.
A ______________ morrerá.
E os mortos cobrarán o seu tributo ______________.

- Por que na primeira parte se cumpre ______________?
- Por que na segunda parte se cumpre ______________?
- Por que na terceira parte se cumpre ______________?

Nome ..................... Data .....................

**3.** Entra na web oficial da autora http://www.maitecarranza.com e responde.

- Resume o que nos conta na súa biografía.

- Escribe a cita bibliográfica dun par de libros da autora nestas categorías.

LITERATURA INFANTIL

LITERATURA XUVENIL

- Paréceche interesante que a autora teña un blog e mais un foro nos que se pode relacionar cos seus lectores? Por que?

- Se tiveses tres liñas para lle escribir algo, que lle dirías?

Nome .................... Data ....................

## PRIMEIRA PARTE: OS SENTIMENTOS

**1.** Con quen se reencontra Anaíd ao inicio do libro?

- Como é este reencontro?

**2.** Como se dá orientado Anaíd e descobre onde se atopan cando foxen con Selene se esta non llo di?

**3.** Que pasa cos pendentes?

**4.** Que perigo descobren a través da mensaxe de móbil que lle chega a Selene?

- Cal é a mensaxe?

**5.** Por que lle sorprende a Anaíd o físico do seu pai?

Nome ............ Data ............

**6.**

> «Non podedes imaxinar o que significa vivir máis de mil anos... O paso do tempo é implacable. As paisaxes, as casas e, sobre todo, as persoas acaban desaparecendo. Todo pasa ante a túa vida: nace, evoluciona e morre. E ti es sempre o mesmo.»

- Que cres que quere dicir Gunnar con estas palabras? Que opinas ao respecto?

- Gustaríache ser inmortal? Por que?

- Por que Gunnar decide renunciar á inmortalidade? Cando o fai?

**7.** Cal é a versión que Gunnar lle conta a Anaíd sobre a súa relación con Selene?

- Se liches o segundo libro da triloxía, responde: hai diferenzas co que lle explica Selene?

Nome ............ Data ............

**8.** Quen é Max?

**9.** Que sentimentos che produce Gunnar neste momento da historia?

- E Selene?

- Por que pensa Anaíd que son unha familia estraña? Busca as súas palabras e cópiaas.

- Agora explica os seus sentimentos coas túas propias palabras.

Data ................

Nome ................

**10.** Explica o episodio da auga.

- Como consegue Anaíd desfacerse de Baalat?

- Que lle pasa cando toma o cetro? En que mans acaba?



**11.** Comenta os seguintes parágrafos do libro e expón a túa opinión.

> «[…] e comezaba a aprender unha importante lección que ata ese momento descoñecía. O máis valioso son as persoas e os recordos.»

> «Sempre que sucede algo debes preguntarte por que ocorre e quen sae beneficiado.»

- Paréceche un bo comezo para poder ter un pensamento crítico?

- Que é para ti ter un pensamento crítico?

- Coidas que é un obxectivo que debas alcanzar na túa formación? Por que?

- Cres que os libros che poden axudar a conseguilo? Por que?

**12.** Neste momento da historia Roc volve con Marion. Por que?

**13.** Como descobre Selene onde se atopa o cetro?

**14.** Cal é a profecía de Oma?

- Que é unha profecía? Busca sinónimos.

PROFECÍA

SINÓNIMOS

Data

Nome

Nome ........ Data ........

**15.** Cales son as tres Odish perigosas coas que terá que loitar Anaíd?

.................................................................

.................................................................

.................................................................

- Relaciona cada unha delas cos seus atributos.

| | |
|---|---|
| | Dama escura |
| | Deusa fenicia |
| ........................ | Sanguenta |
| | Bruxa dos xeos |
| | Nai de Gunnar |
| | Posuidora dun talismán |
| ........................ | Raíña do mundo opaco |
| | Nigromante |
| | Sen corpo |
| | Erzebeth Bathory |
| ........................ | Dama branca |
| | Astarté |
| | Avoa de Anaíd |
| | Cristine Olav |

Nome ........ Data ........

**16.** Cara a onde se dirixen Selene e Anaíd?

- Por que Anaíd está capacitada para o atopar e o resto das bruxas non?

**17.** Cara a onde se dirixen Anaíd e Gunnar despois de facer durmir a Selene?

**18.** Resume os estados de ánimo polos que pasa Selene no capítulo 6.

**19.**

«Era unha rapaza moi delgada, de pelo rizado e escuro, e de pel morena: tiña os ollos excesivamente pintados e con grumos e manchóns de rímmel barato nas pestanas e na cara; os labios pintados dunha cor rosa estridente; os pés enfundados nuns zapatos de tacóns demasiado altos, que acentuaban a delgadeza das pernas; e vestía un estrafalario top de lunares negros, que subliñaban o mal gusto da descoñecida.»

- Quen é?

- Que lle regala a Anaíd como amuleto?

- Que é un **amuleto**? Tes algún?

- Por onde se entra ao Camiño de Om, segundo lle conta esta amiga misteriosa? A que illa pertence?

- Sitúao no mapa.



**20.** Por que Anaíd decide desviarse do seu camiño e volver a Urt?

Nome ............ Data ............

**21.** Con quen se atopa Anaíd cando está a piques de recuperar o cetro?

- Busca e copia as palabras que lle serven á protagonista da obra para que o cetro acuda ás súas mans.

**22.** Cristine proponlle que Dácil sexa o seu alter ego. Que quere dicir? Por que o fai?

**23.** Comenta o que ocorre na última páxina desta primeira parte.

**24.** Inventa unha frase con cada unha destas palabras:

OUSADÍA

AGASALLAR

Data

Nome

Nome ........................ Data ........................

## VITORIA PÍRRICA

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

## SUXESTIÓN

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

## FARRAPO

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

## VONTADE FÉRREA

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

## VAGA IDEA

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

## OBCECADA

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

## PENTÁCULO

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

Data ..........

Nome ..........

## SEGUNDA PARTE: OS ERROS

**1.** Por que esta parte do libro se titula «Os erros»?

- Explica o erro que comete Anaíd en cada capítulo e o que implica para o desenvolvemento da historia.

A Non seguirás o home louro.

B Non ofrecerás o filtro do amor.

C Non usarás a poción do esquecemento.

D Non collerás a pedra verde.

E Non escoitarás as voces do deserto.

Nome ............ Data ............

F Non beberás da copa.

G Non te mirarás no espellismo do lago.

H Non fraquearás ante a morte.

I Non te lamentarás do rexeitamento.

L Non formularás o feitizo da vida.

M Non crerás a feiticeira.

Nome ........................ Data ........................

**2.** En que capítulo se desenvolve a seguinte parte da historia?

Capítulo ☐

Anaíd decide ir ao pasado para destruír o talismán da condesa Erzebeth.

Capítulo ☐

Selene persegue a Gunnar polo deserto do Sahara e descobre que Anaíd non está con el.

Capítulo ☐

Dácil e Anaíd regresan ao presente. Helena e Criselda están libres e Roc, recuperado. Selene encóntrase coa súa filla para lle comunicar que xa non é unha Omar, senón unha Odish inmortal porque bebeu da copa prohibida.

Capítulo ☐

Anaíd atópase na cova con Cristine; esta dálle pedras e xoias. Como non consegue recuperar a Roc, decide preparar un bebedizo de amor.

Capítulo ☐

Anaíd cae presa da condesa e toma un conxuro de posesión.

Capítulo ☐

A dama de xeo reúne as Odish para lles pedir acatamento.

Capítulo ☐

Selene vai de camiño a Urt e despista a Gunnar. Gunnar sálvaa no lago do seu encontro cunha Odish. Finalmente, desfaise del e segue o seu camiño cara a Urt.

Capítulo ☐

Anaíd atopa a maneira de entrar no cuarto onde teñen presa a condesa e mantén unha loita a morte con ela.

Nome ............ Data ............

Capítulo [ ]

Anaíd desafía a orde natural das cousas e fai que Dácil volva á vida despois de ser mordida por Baalat.

Capítulo [ ]

Helena e Karen sospeitan da presenza dunha Odish en Urt. Roc toma a apócema do esquecemento.

Capítulo [ ]

Selene ten estraños sentimentos tras a fuxida de Anaíd. Decide saír na súa busca.

**3.** Anaíd escolle algunhas pedras máxicas das que lle mostra a súa avoa. Relaciona:

| | |
|---|---|
| Yzf de Çarandin | Dourado da India que protexe de sortilexios. |
| Bezebekaury de Çulun | Pedra vermella e verde que vence a melancolía. |
| Abarquid | De cor verde amareralada, que esperta a cobiza. |
| Carbedic de Culequin | Pedra macedónica que se atopa no corazón das lebres e que lles proporciona calor aos humanos que a levan consigo. |
| Fonaquid de Cercumit | Pedra que produce efectos hipnóticos. |
| Militaz | Xaspe verde que reforza a vista e conforta o espírito. |

Nome ............ Data ............

- Ademais, escolle tamén algunhas xoias engarzadas do cofre da súa avoa. Que lle di ela de cada unha das pezas escollidas?

  - [ ] Do colar de zafiros:
  - [ ] Da pulseira de turquesas:
  - [ ] Do broche de ametistas:

- Que intúe Anaíd cando se cobre de pedras preciosas?

**4.** **Anaíd pídelle á súa avoa que lle prepare un bebedizo de amor.**

- Por que non o quere facer Cristine? Que pasa ao final?

- Por qué Roc só ten ollos para Dácil despois de beber a beberaxe que lle dá Anaíd?

Nome ........ Data ........

**5.** Comenta este diálogo e expón a túa opinión.

> «–Eu non quería, pero tiven que facelo.
> –Non existe nada que teñamos que facer se non o desexamos.»

**6.** Inventa un texto coas seguintes palabras:

lacustre - fochanca - imbuír - divagación - almofía - entresoño - ostracismo
lacerante - bifurcarse - pericia - erma

Nome ........................ Data ........................

**7.** Explica:

- Quen e como lle dá a apócema do esquecemento a Roc?

- Helena queda co cetro e Anaíd, obcecada, víngase dela. Cal é esta vinganza?

- Por que Anaíd sente ganas de chorar cando se ve reflectida no lago?

- Que cres que lle está pasando a Anaíd nestes momentos da historia?

**8.** Resume o final do capítulo 11.

Nome ........ Data ........

**9.** Que posibilidade lle dá Cristine a Anaíd para desfacer todo o que fixo: Roc está enfermo, Helena prisioneira e o cetro está nas mans da condesa?

**10.** Selene, na súa busca para lle axudar a Anaíd, persegue a Gunnar polo deserto. Explica a diferente actitude de Selene e de Gunnar no trato que teñen cos *tuaregs*.

- Quen son os *tuaregs*?
  - ☐ Un pobo bérber que habita no deserto do Sahara.
  - ☐ Un clan das bruxas Omar.
  - ☐ Unha cidade do deserto.

- Busca características da cultura *tuareg* e unha foto representativa dalgunha delas.

CULTURA *TUAREG*

- Busca no capítulo 13 algún parágrafo no que haxa unha descrición dun *tuareg* e cópiaa.

TUAREG

- Por que a Selene non lle cadra a forma de facer de Gunnar?

- Que información recibe Selene dun *tuareg* que vai ser importante para o seu camiño?

- Como o fai?

- Cal é a reacción de Selene?

Nome ........................ Data ........................

Nome ............ Data ............

**11.**

«Selene suspirou. A ela encantábanlle as estrelas, e foi ela quen lle inculcou ese amor a Anaíd. Nas noites despexadas, en Urt, tiñan o costume de saír ao xardín, deitarse no chan cos ollos medio abertos e localizar no firmamento estrelas de nomes suxestivos, como Alrai, Alderamin ou Arcturus, aínda que as súas preferidas eran as constelacións invernais, as estrelas brillantes e fermosas de Orión, a maxestosa estrela avermellada de Beltegeuse ou a gran Bellatrix, dunha cor entre branca e azul. Anaíd, en cambio, prefería as estrelas novas que adornaban o cinto xigante: Mintaka, Alnilam e Alnitak, azuis e lixeiras coma ela.»

- Relaciona estas estrelas coa súa descrición.

☐ É a cuarta estrela máis brillante da constelación de Orión.

........................................

☐ O seu nome deriva do grego antigo **Αρκτοῦρος,** 'o gardián do oso'.

........................................

☐ O seu nome significa 'o cazador' e é unha constelación.

........................................

☐ Cada 14 de xuño o Sol está no seu meridiano celeste.

........................................

☐ É unha estrela situada na constelación de Cepheus.

........................................

☐ É a estrela amazona.

........................................

☐ É a estrela situada máis á esquerda do Cinto de Orión.

........................................

☐ É unha estrela branca da secuencia principal da constelación de Cepheus.

........................................

☐ É unha grande estrela vermella.

........................................

Nome .................... Data ....................

**12.** Onde chegan Anaíd e Dácil na súa viaxe no tempo? Cantos anos retroceden?

**13.** No capítulo 14 aparece a condesa. Cales son os adxecivos ou características que utiliza Maite Carranza para a definir?

- Busca sinónimos de cada un deles.

- Con que nome era coñecida?

- Copia as frases coas que as rapazas presas lle contan a Anaíd como as vai matar a condesa.

- En qué data deben rematar as matanzas da condesa?

- Con quen se alía Anaíd no cárcere do castelo?

Data ..........

Nome ..........

- Como consegue quitarlle o talismán? Que é un talismán?

TALISMÁN

- Que bebe Anaíd na cea con Erzebeth? Que supón isto no desenvolvemento da historia?



**14.** En que se transforma Erzebeth na súa loita con Anaíd para recuperar o talismán?

A Rata

B Lince

C Lobo

D León

- Se tiveses que pintar un cadro no que representases esta loita, que cores empregarías? Por que? Como titularías o cadro?

Data ..........

Nome ..........

**15.** Explica por que neste momento da historia se cumpre a maldición de Odi. Cal é esa maldición?

**16.** Quen é Sarmik? Que amuleto leva consigo ao iniciar a súa viaxe?

**17.** Despois deste episodio, Anaíd emprende a súa viaxe cara a Chinet. Que lle revela a Anaíd a loba gris, a súa avoa, sobre o seu futuro?

- Neste momento do relato Anaíd está soa, non recibe a axuda de ninguén e non pertence a clan ningún. Como cres que se debe sentir? Busca adxectivos para definir estes sentimentos.

Nome ............ Data ............

**18.** No capítulo 19 a dama de xeo reúne as Odish para lles pedir acatamento.

- Busca e copia a definición de acatamento.

ACATAMENTO ..........................................

- Que argumentos lles dá para as convencer?

## TERCEIRA PARTE: A GUERRA

**1.** Como chega Clodia á conclusión de que Anaíd está en perigo?

- Que fai Clodia para asegurarse de que é correcto o seu presaxio?

- Por que o presaxio non era correcto?

- Que decide facer Clodia malia as advertencias da súa nai?

Data ..........

Nome ..........

**2.** Completa o seguinte texto:

«Anaíd voaba sobre as ______________________, as que os antigos chamaban as Benaventuradas e que os españois, antes da conquista, coñecían como as Illas Afortunadas. [...] A vista de paxaro sorprendeuse dos dragos milenarios, das palmeiras exóticas e das caprichosas formacións de lava escura. [...] Pero o máis fermoso de todo, o máis impresionante, era o cono nevado do gran ____________________.»

- Sitúa no mapa estas illas.



- Que illas compoñen este arquipélago? Noméaas e sitúaas no seguinte mapa.



Nome ........ Data ........

- Onde cae Anaíd abatida pola forza do vento? Sitúao tamén no mapa anterior.

- Que é unha forza telúrica?

- Quen a axuda cando cae? Que particular modo de comunicación ten este personaxe?

**3.** Explica a historia de Hernán Peraza.

Nome ........................ Data ........................

**4.** Como fan prisioneira a Anaíd as bruxas Omar da Illa?

**5.** Busca na sopa de letras os nomes das bruxas que compoñen a mesa presidencial das matriarcas Omar na casa de Amari.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | L | E | A | L | I | M | D | U | L |
| N | I | B | P | O | S | E | N | E | H |
| Q | U | N | A | Ñ | L | L | O | A | O |
| S | S | E | G | E | O | A | A | D | T |
| U | O | A | R | R | L | S | U | L | E |
| O | P | T | E | M | I | T | R | E | L |
| N | O | E | T | R | L | D | E | S | A |
| S | I | U | I | E | R | P | L | I | A |
| N | M | R | S | C | V | O | I | R | I |
| E | V | A | L | E | R | I | A | C | N |

- Cales son as dúas faccións representadas nela?

- Selene nesta reunión conta a historia do Minotauro. Cal é? Por que cres que a conta?

Nome ........ Data ........

• Razoa as dúas estratexias de actuación que se debaten nesta reunión. Con cal das dúas estás máis de acordo? Por que?

• Como acaba este capítulo?

6. Como consegue Anaíd liberarse e empezar o Camiño de Om? Quen lle axuda e por que?

• De quen é a voz que lle dá forzas e ánimo durante o camiño?

Nome ........ Data ........

**7.** Describe as distintas probas que encontra Anaíd no Camiño de Om e conta como as vai superando.

- Por que os recordos están a punto de acabar coas súas forzas? Son importantes os recordos para ti? Por que?

**8.** Como consegue Clodia saber cal é o volcán en erupción do que lle falan as vísceras do coello? Cal é? Que pasa alí?

Nome ........................ Data ........................

**9.** Que atopan Clodia e Dácil no libro de Rosebuth que lles axuda a buscar unha maneira de salvar a Anaíd do seu propio destino?

**10.** Que lle ofrece Selene ao reino dos mortos para salvar a Anaíd?

**11.** Anaíd acaba saíndo do reino das sombras. Como o consegue?

- Que consegue? A cambio de que?

- Quen acompañará a Anaíd ata o mundo dos vivos cando Deméter a deixa? Por que cres que a escolle a ela?

- Canto tempo pasou desde que Anaíd entra no mundo dos mortos ata que sae?

Nome ............ Data ............

**12.** Por que agardan a chegada do equinoccio?

- Que é un equinoccio?

**13.** Gunnar volve aparecer na historia con noticias respecto ao futuro da súa filla. Cales son estas noticias?

- Que deciden facer el e Selene para lle axudar á súa filla?

**14.** Que lle fai crer Cristine a Anaíd neste momento?

**15.** Explica o protocolo que ten lugar durante o equinoccio.

Nome ........................ Data ........................

- Que significa posuír o cetro e non ser posuída por el?

- Por que acaba a guerra das bruxas se Anaíd non é quen de destruír a súa avoa Cristine?

**16.** Explica os seguintes feitos do desenlace da novela:

A Por que Selene e Gunnar poden recuperar o seu amor sen odios nin rancores?

B Por que desaparece Cristine?

C Por que Sarmik se lanza ao volcán co cetro?

Nome ........................ Data ........................

**17.** Debuxa a camiseta que se puxera de moda entre as rapazas Omar.

- Cal é o significado da inscrición?

..........................................................................

..........................................................................

..........................................................................

..........................................................................

..........................................................................

Nome ..................... Data .....................

## A MODO DE CONCLUSIÓN...

**1.** Xoga a ser crítico/a literario ou xornalista e busca un titular de prensa para definir:

*A maldición de Odi*:

A triloxía *A Guerra das bruxas*:

**2.** Gustóuche o final da triloxía? Por que?

- É este un final aberto ou pechado? Por que?

- Inventa outro final para *A guerra das bruxas* e intenta que todos os aspectos queden cerrados (a relación de Gunnar con Selene, o final da guerra entre as Omar e as Odish, a viaxe de Sarmik, o cetro, o reencontro de Dácil coa súa nai...).

Data ..................

Nome ..................

**3.** Se liches a triloxía, relaciona cada un dos libros co seu argumento.

| | |
|---|---|
| 1 | *O clan da loba* |
| 2 | *O deserto de xeo* |
| 3 | *A maldición de Odi* |

☐ Ao estilo dunha *road movie* e con grandes doses de posta en escena cinematográfica, *O deserto de xeo* estrutúrase a partir de dúas viaxes superpostas no tempo. Por unha parte, a protagonista, Anaíd –que xa descubrira a súa identidade de bruxa e a súa condición de elixida en *O clan da loba*– vese obrigada a fuxir en compañía da súa nai Selene. É unha viaxe desesperada, en coche, que propicia a confidencia e a narración dunha viaxe anterior, a que protagonizou Selene cando só tiña dezasete anos. A viaxe de Selene é un gran *flash back* que ilustra o nacemento de Anaíd e conxela o corazón da protagonista a medida que o frío e o medo se apoderan dela. O deserto conxelado é un camiño de busca e de descubrimento, é a viaxe cara ao propio coñecemento.

☐ Os clans das bruxas Omar viviron ocultándose das sanguinarias bruxas Odish e agardando a chegada da elixida pola profecía. Agora os astros confirman que o tempo está próximo. Anaíd, que viviu durante os seus catorce anos apartada nunha vila do Pireneo, ignora os segredos que lles atinxen ás mulleres da súa familia... Ata que a misteriosa desaparición da súa nai, Selene a roxa, a enfronta a unha verdade tan arrepiante coma incrible e obrígaa a percorrer un longo camiño ateigado de perigos e descubrimentos.

☐ A guerra das bruxas está próxima e a elixida non pode pospoñer máis o momento de empuñar o cetro e destruír as temibles Odish. Pero Anaíd, que anhela o amor de Roc e do pai que nunca tivo e que confía en lles levar a paz definitiva ás Omar, terá que se enfrontar á traizón, ao rexeitamento dos seus e á soidade. A elixida incorreu nos erros, sucumbiu ao poder do cetro e ata os mortos reclaman o seu tributo. É o momento da verdade, da batalla definitiva entre as Omar e as Odish.

Nome ........ Data ........

- Cal das tres novelas che gustou máis? Por que?